



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Mediante Resolución Reitoral de 6 de xullo de 2009 régulase a incorporación voluntaria de alumnos que comezaron os seus estudos conforme a anteriores ordenacións, ás novas ensinanzas de Grao, para o curso académico 2009-2010.

Na mencionada resolución prevese que os trámites de resolución de recoñecementos deben estar resoltos polos distintos centros da Universidade antes do día 18 de setembro de 2009.

Con data de 16 de xullo de 2009, a Facultade de CC. Económicas e Empresariais e a Facultade de CC. Da Actividade Física e do Deporte a través dos seus Decanos, solicitan que este prazo se prorrogue ata o día 2 de outubro de 2009 para así dar a posibilidade de realizar os recoñecementos que corresponden incluíndo aquelas materias que fosen superadas polos alumnos na convocatoria de setembro, cuxas actas deben ser pechadas o día 30 dese mes.

Considerando que a petición de prórroga formulada pode reducir trámites e expedientes de xestión académica.

Considerando que os alumnos con materias pendentes para a convocatoria de setembro teñen prazo suficiente de matrícula entre o 2 de outubro e o 23 de outubro de 2009 para efectuar a súa matrícula.


RESOLVO:

Prorrogar o prazo establecido no punto 4 do apartado segundo da Resolución Reitoral de 6 de xullo de 2009 ata o día **2 de outubro de 2009**.

A Coruña 20 de xullo de 2009.

P.D. do Reitor




Asdo. Ana Dorotea Tarrío Tobar
Vicerreitora de Organización Académica e Títulos